

INFORMACIÓN: MARGA 630 650 415

REDES SOCIAIS: fb: @pontevedrate, @podigital

instagram: @pontevedrate, pontevedradigital

WEB: pontevedra.gal

BASES COMERCIOS participantes “VOLTA AO COLE”

1) OBXECTO

Dende o Servicio de Promoción Económica do Concello de Pontevedra desenvólvese dende o 01 ao 20 de Setembro de 2022, ambos inclusive, a promoción “Campaña Volta ao Cole”.

Esta Campaña pretende premiar a fidelidade dos clientes, transmitíndolle aos consumidores un atractivo promocional que incentive as compras nos establecementos participativos do comercio local de Pontevedra.

2) ÁMBITO DA PROMOCIÓN

A promoción terá o seu ámbito nos pequenos establecementos comerciais do concello de Pontevedra, sempre e cando os mesmos se atopen abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado, a campaña vai destinada o comercio local en xeral con venda a pé de rúa, apostando non só polos sectores vinculados directamente coa volta o cole, pretendendo así apoiar a calquera comercio local do concello de Pontevedra.

Quedan excluídas desta promoción as grandes cadeas ou franquicias, os profesionais da perruquería e da estética, as farmacias, os supermercados, froiterías e tendas de alimentación en xeral, hostalería e restauración, empresas de servizos e en xeral todos aqueles profesionais que non realizan venda de produtos.

Repartiránse entre todos os establecementos participantes da campaña un cartel, que deberá estar visible no escaparate durante toda a campaña e un talonario de boletos que será entregado polo comerciante en cada venda, para depositalo polo poseedor no buzón sito en O Mercado Pontevedra (Praza de Abastos).

A aceptación dos elementos da campaña implica a obrigación de permanencia durante toda a campaña, posto que haberá na web do concello un listado cos comercios participantes, elaborada previamente o inicio da campaña.

Se por algún motivo quedase algún establecemento do ámbito indicado sen a entrega da cartelería poden solicitála no teléfono 630650415.

3) PREMIOS

Sorteo de 28 vales de 70€, para gastar íntegramente en algún dos establecementos participantes na campaña. Os sorteos efectuaránse no Mercado de Abastos o 21 de Setembro. Os gañadores serán comunicados vía telefónica.

Os gañadores poderán canxear o vale íntegro en calquera dos establecementos participantes ata o 20 de Outubro de 2022.

4) TRATAMENTO DOS DATOS DE CARACTER PERSOAL

A efectos de dar cumprimento a L.O.15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, a empresa organizadora informa de que os datos proporcionados polos participantes na campaña serán unicamente utilizados para a posta en contacto e entrega de premios, posteriormente serán destruídos.

Pontevedra Digital adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado durante a duración da campaña.

5) CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores desta promoción así como as empresas seleccionadas polos gañadores para o gasto do vale autorizan a empresa organizadora e o Concello de Pontevedra a difundir imaxe e nome dos agraciados en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

6) ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a empresa organizadora. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por Pontevedra Digital, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Pontevedra, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Pontevedra, a 01 de Setembro de 2022